

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA E ESTANCIA EN  
RESIDENCIAS, ALBERGUES, GARDERÍAS INFANTÍS E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA  
ANÁLOGA

**Artigo 1º.- Concepto**

Ó abeiro do establecido nos artigos 117, 41 e 48 e da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ó Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, polos artigos 4, 49 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establécese o *prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, garderías infantís e outros establecementos de natureza análoga*, que se rexerá polo disposto nesta Ordenanza.

**Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento**

Estarán obrigados ó pagamento deste prezo público as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan nas tarifas desta Ordenanza.

A obriga de pagar nace dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, sen prexuízo da posibilidade de esixi-lo depósito previo do seu importe total ou parcial.

O pagamento realizarase no momento de solicita-la prestación do servizo, reservándose o Concello a posibilidade de esixi-lo seu importe en réxime de autoliquidación.

**Artigo 3º.- Contía**

1. O importe do prezo público será o fixado nas tarifas que se recollen no anexo desta Ordenanza.

2. Os prezos do anexo I (Gardería) dependerán da renda per cápita mensual, entendéndose por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de dezoito anos ou fillos maiores de dezoito anos, cunha minusvalidez superior ó 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para efectos do cálculo da renda per cápita ó que se refire o parágrafo anterior, incrementarase en 0´8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar

Teñen a consideración de ingresos a suma da parte xeral maila parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas; para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imponibles a que se fai referencia obteranse como resultado de lles aplicar ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a partir de súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sempre que teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

## ANEXO

### I. Escola infantil municipal

1. As contías dos prezos públicos da escola infantil municipal serán as aprobadas e publicadas no Diario Oficial de Galicia para rexer en cada curso escolar nas escolas infantís 0-3 dependentes da consellería competente en materia de familia e infancia.
2. Con efectos do curso escolar 2017-2018 aplicarase o seguinte cadro de prezos:

Tramos de renda per cápita (*)	atención educativa	atención educativa con comedor	horario ampliado
inferior ao 30% do IPREM	0,00 €	0,00 €	21,16 €/hora
entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM	0,00 €/mes	17,45 €/mes	
entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	34,91 €/mes	52,36 €/mes	
entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	69,81 €/mes	96,26 €/mes	
entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	112,13 €/mes	149,15 €/mes	
entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	133,29 €/mes	186,18 €/mes	
entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM	147,05 €/mes	210,52 €/mes	
superiores ao 200% do IPREM	169,26 €/mes	243,31 €/mes	

(\*) Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

### 3. Descontos:

- A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre as cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas realizaranse os seguintes descontos, que non son acumulables entre si:
- 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa.
  - 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
  - Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 20 por cento. Enténdese por familia numerosa, aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude da praza na escola infantil 0-3, que deberán xustificarse documentalmente de non coincidir coas existentes na data de devengo do IRPF correspondente á declaración achegada.
- B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

### 4. Suspensión temporal da cota.

1. Os suxeitos obrigados ao pago non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:
  - a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.
  - b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por tempo superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

- Os suxeitos obrigados ao pago non terán a obriga de aboar a cota do servizo de comedor cando, por causa debidamente xustificada, a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota deste servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o órgano competente, que resolverá sobre a procedencia da exención. No suposto de reincorporación, o pagamento da mensualidade que corresponda realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Se o órgano competente acordase a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.

## II. Ludoteca

- As cotas pola utilización da ludoteca ESPAZO CONCILIA ESTRADA figuran no seguinte cadro de prezos:

Tramos de renda per cápita (*)		Bonos (**)
inferior ao 30% do IPREM	Exento	
entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM	14,42 €/mes	
entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	24,37 €/mes	
entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	36,81 €/mes	- De 1 tarde: 6,00 €.
entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	49,25 €/mes	
entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	61,69 €/mes	- De 5 tardes: 25 €.
entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM	74,12 €/mes	
superiores ao 200% do IPREM	100,00 €/mes	

(\*) Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

(\*\*) Establécense dúas modalidades de bonos, para utilizar dentro do ano natural da súa adquisición, co límite do 31 de decembro.

- Descontos:

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre as cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas realizaranse os seguintes descontos, que non son acumulables entre si:

- 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa.
- 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
- Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 20 por cento.

	Acordos	Publicación B.O.P.
Aprobación	Pleno 10.05.2002	19.11.2002
Modificacións	Pleno 11.05.2017	9.08.2017
	Pleno 4.01.2018	8.03.2018